

MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN
CURRICULAR.
CURSO 2021/2022

CENTRO: CEIP DE CASÁS
DATA

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

REFERENTES NORMATIVOS	2
1.CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN DO ALUMNADO	3
1.1. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa	
1.2. Criterios para o tratamento de materias pendentes	
1.3. Criterios de cualificación	
2.Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria)	6
3. Procedemento de reclamación	7
reclamación..... Error! Marcador no definido.	
4. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular	7

REFERENTES NORMATIVOS

- [ORDEN de 9 de junio de 2016 por la que se regula la evaluación y la promoción del alumnado que cursa educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.](#)
- [ORDE do 2 de marzo de 2021](#) pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- [Circular 1/2022](#) da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, para o curso 2021-2022.
- [ORDE do 25 de xaneiro de 2022](#) pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Este documento está elaborado seguindo a *Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* e supón unha adaptación da concreción curricular do centro, polo que todo o establecido nas programacións didácticas do curso 2021-2022 que contradiga o aquí establecido queda sen efecto no presente curso académico.

1. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación

primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Os referentes da avaliación no caso do **alumnado con adaptación curricular** serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cós establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que están matriculados o alumno/a. A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

Estableceranse medidas de reforzo en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o

perfil desa competencia.

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado	
1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes	<p>No caso de que o alumnado promociione con materias pendentes, o profesorado que imparta esas materias no nivel no que está escolarizado, organizará un plan de reforzo para que, durante o curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.</p> <p>Adaptaranse as medidas precisas para dar resposta ás necesidades educativas concretas do alumnado, tendo en conta os seus diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe. Estas medidas serán comunicadas ás familias, informándoas da natureza das dificultades nesa ou nesas áreas e, buscarase a súa colaboración e implicación na recuperación, deixando constancia de todo elo mediante acta. O alumnado recibirá os apoios precisos para recuperar as aprendizaxes que non alcanzaran o curso anterior.</p> <p>Levarase a cabo unha atención individualizada do alumnado e o establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tales como: apoio dentro da aula ordinaria por parte do profesorado especialista de PT/AL, apoio do profesorado con horas libres, agrupamentos flexibles e/ou adaptacións do currículo.</p> <p>Cando se produza a superación da ou das áreas pendentes, que poderá ocorrer en calquera momento ao longo do seguinte curso escolar, isto suporá unha avaliación positiva da materia e consignarase o resultado e o feito na acta da sesión de avaliación.</p> <p>O profesorado poderá solicitar a axuda e asesoramento do departamento de orientación para o deseño e seguimento destes plans se fose preciso.</p>
1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa	<ul style="list-style-type: none"> - A promoción en 1º, 3º e 5º de primaria é automática. - Nos cursos de 2º, 4º e 6º e, como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. Este proceso contará co asesoramento do Departamento de Orientación. - Criterios de promoción acordados polo claustro. Promocionan: <ul style="list-style-type: none"> - Os alumnos/as que obteñan cualificacións positivas en todas as áreas e acaden o nivel de adquisición esperado en todas as competencias clave. - Para a promoción ou non promoción terase en conta: - Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permita seguir con éxito o curso seguinte.

	<ul style="list-style-type: none">- Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.- Que o equipo docente considere que a devantida non promoción beneficiará a súa evolución académica. - A natureza das materias non superadas permítelle seguir con éxito o curso seguinte. Considerarase que non se cumpre este punto se o alumnado non ten adquiridas as destrezas básicas de lectura, escritura e cálculo.- Ten expectativas favorables de recuperación, é dicir, estuda, traballa e realiza as entregas en prazo, independentemente das súas dificultades de aprendizaxe.- A promoción beneficiará a súa evolución académica e emocional. Neste sentido teranse en conta:- As súas características persoais de idade de escolarización, a súa situación familiar.- Que sexa positiva a súa inclusión no grupo.- Outras características persoais ou de historia escolar.- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.
--	---

1.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Táboa anexa

2. CRITERIOS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS

<p>1.3. Criterios xerais</p>	<p>O equipo docente poderá propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica aos alumnos/as que teñan superado todas as áreas da etapa e obtiveran Sobresaínte ao rematar a educación primaria nunha área ou en varias, e/ou que demostren un rendemento académico excelente.</p> <p>O outorgamento de Mención Honorífica só se producirá se hai unha decisión unánime do equipo docente, podendo recibila varios alumnos/as dun mesmo nivel.</p>
-------------------------------------	--

3. PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN

<p>Procedemento</p>	<p>Orde do 2 marzo do 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación.</p>
	<p>Circular 1/2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021.</p>

4. APROBACIÓN E PUBLICIDADE

<p>1.1. Aprobación</p>	<p>Dito documento apróbbase en sesión de Claustro ordinario o día...</p>
<p>1.2. Publicidade</p>	<p>Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, este documento farase público na páxina web do centro e a través da mensaxería Abalar Móbil.</p>

Dilixencia para facer constar que esta adenda ás programacións didácticas (Adaptación aos cambios normativos na avaliación e promoción na EP) foi presentada ao Claustro, analizada e aprobada por este, o día..... de abril de 2022, sendo engadida ás programacións didácticas de cada área e nivel/curso.

Segundo o disposto na disposición transitoria cuarta, punto 2, *Orde do 25 dexaneiro de 2022* pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de EP, ESO e BACH no sistema educativo de Galicia, o alumnado foi informado das modificacións realizadas a través do equipo docente de cada curso e as familias respectivas informadas a través das canles

habituais de comunicación con estas (páxina web, espazo abalar e, nos casos que se solicita, de forma presencial).

En Lugo, a de maio de 2022

A directora,

Asdo: Verónica Eiravella Barreira